

**EXPTE:** Nº 28/2016 –TERRA: SERVIZO DE “ILUMINACIÓN ORNAMENTAL PARA AS FESTAS DO NADAL 2016-2017”

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## **RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO**

Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado para a adxudicación do servizo de “**ILUMINACIÓN ORNAMENTAL PARA AS FESTAS DO NADAL 2016-2017**”.

**Presentada a documentación**, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 25 de novembro de 2016 (entrada nº 12255), requirida ao licitador que obtuvo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das proposicións admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 23 de novembro de 2016, que foi emitido polo enxeñeira industrial e redactora do prego técnico, Dona Clara Cereijo Méndez; pola técnica de educación, Dona Ana María Sampedro Garrido; polo oficial electricista, Don Julio Alarcón Aguin e pola técnica de cultura, María Eugenia Gonzaga Alonso o 23 de novembro de 2016, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal na mesma data, esta presidencia **RESOLVE:**

**1º) Adxudicar o contrato do servizo de “ILUMINACIÓN ORNAMENTAL PARA AS FESTAS DO NADAL 2016-2017” á empresa “CREACIONES LUMINOSAS, S.L.”**, conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que efectuará o servizo polo **prezo** de VINTE E SETE MIL CORENTA EUROS (27.040,00 €) SEN IVE, O IVE ASCENDE A CINCO MIL SEISCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (5.678,40 €), **E TRINTA E DOUS MIL SETECENTOS DEZAOITO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (32.718,40 €) IVE ENGADIDO**, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

**2º)** Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

En esta licitación foron solicitadas tres ofertas, e soamente dúas empresas ás que se cursou invitación, presentaron proposición para optar á contratación, sendo admitidas todas as presentadas, e son as que a continuación se citan. Compre sinalar, que tras a publicación da licitación no perfil do contratante (de acordo co disposto nas Bases de Execución do Presuposto), non se presentou plica algunha.

**Plica núm. UN:** Presentada por Dona María del Carmen Álvarez Pereira, en representación da empresa CREACIONES LUMINOSAS, S.L., de Tui. De conformidade co informe técnico de data 23 de novembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o mesmo día, e que obra no expediente, os técnicos outorgáronlle á plica 74,00 puntos polos aspectos subxectivos (dependentes de xuízo de valor), e 7,92 puntos polos aspectos obxectivos (oferta económica), obtendo unha **puntuación total de 81,92 puntos**.

**Plica núm. DOUS:** Presentada por Don Serafín Janza Piñeiro, en representación da empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, S.L., de Vilanova de Arousa. De conformidade co informe técnico de data 23 de novembro de 2016 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o mesmo día, e que obra no expediente, os técnicos outorgáronlle á plica 55,00 puntos polos aspectos subxectivos (dependentes de xuízo de valor), e 7,14 puntos polos aspectos obxectivos (oferta económica), obtendo unha **puntuación total de 62,14 puntos**.

**3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 33800 / 22606 do Presuposto Separado do O.A Terra de Sanxenxo por un importe de 32.718,40 Euros (IVE engadido). Dado que se trata dun gasto pluriannual, xa que a prestación do servizo afecta a dúas anualidades (2016 e 2017), e de acordo á proposta da concellería de benestar social, cultura, educación e normalización lingüística de data 15 de novembro de 2016 referente ao financiamento deste contrato, conformada pola Intervención Xeral na mesma data, a imputación orzamentaria no Orzamento vixente será de 29.225,24 euros. O importe restante, 3.493,16 euros, será aprobado e imputado no exercicio seguinte, 2017, na mesma partida no que se aprobou a gasto no exercicio actual (33800 / 22606).**

**4º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.**

**Dada en Sanxenxo a vinte e oito de novembro de dous mil dezaseis.**

**O presidente**

**Gonzalo Gonzalo Pita**

**ante min, secretario de Terra**

**Ángel Luis López Pita**